

Estimadas familias:

Como xa sabedes dende finais do curso pasado, este ano non se desenvolverán no noso colexio as actividades extraescolares que se viñan facendo de luns a xoves, tras a decisión do Concello de Oleiros de deixar de prestalas.

Este feito fíxonos reflexionar moito á ANPA, dado que se nos instaba dende moitos ámbitos a asumir a xestión das mesmas. Como xa anunciamos na Asemblea, a decisión tomada foi a de non facelo, ao entendermos que se trata dunha obriga da Administración, e que se trata dunha situación de feito coa que nos atopamos pola que, entendemos, foi unha decisión precipitada e irresponsable.

Con todo, non quixemos facer cambios na oferta das actividades que viñamos organizando os venres pola tarde, e decidimos mantelas, nos mesmos horarios e contidos, durante este curso; deste xeito, dámonos marxe de tempo para poder valorar con calma todas as condicionantes e poder, de cara ao curso 2018/19, tomar tamén unha decisión a este respecto.

Xa que logo, pasamos a informar dos detalles das mesmas:

- Horario: **de 16 a 18 hs.**, nos días lectivos de outubro a maio (incluídos). O día de inicio das mesmas será o **venres 6 de outubro**.
- Actividades: **Teatro** (dúas horas), **fútbol sala** (unha hora), **baloncesto** (unha hora) e **xadrez** (unha hora). No caso das dunha hora de duración, faranse dúas quendas, en función das idades, e combinando horarios para que, aquelas persoas que o precisen ou queiran, poidan ter nenos/as de diferentes idades na mesma hora (non así na mesma actividade).
- Nº mínimo de nenos/as: Aquelas actividades que non acaden un mínimo de 10 nenos/as por grupo non se poderán levar a cabo. Nas que suceda o contrario – máis solicitudes que praza-, faranse por orde de inscrición.
- Prazo de inscrición: Ata o martes 3 de outubro.

O prezo das actividades é anual: 135 euros as de dúas horas, e 90 euros as de unha hora. Os pagos dividiranse en tres cotas: 45 e 30 euros en outubro, xaneiro e abril. No establecemento destes prezos xa se contempla que en setembro e xuño non hai actividades, e os festivos e vacacións nos que tampouco haberá. Se alguén se anota a dúas actividades de unha hora (fútbol sala e baloncesto), aplicaráselle o prezo das de dúas horas.

Ofrecemos **dous días de proba con dereito a devolución do pago** da cota se ao remate das mesmas decidides non continuar. No caso de decidilo a posteriori, non se devolverá a parte proporcional da cota, aínda que non será obrigatorio pagar as dúas cotas restantes.

O pago das cotas poderá facerse mediante ingreso ou transferencia bancaria na conta "la Caixa" Nº IBAN ES95 2100 7922 5302 0010 0237. Tamén directamente no local da ANPA, no horario de atención habitual (martes de 9 a 11 e venres de 16 a 18). Poderedes facer chegar as suxestións, peticións, queixas, felicitacións... no horario de atención ou a través do correo electrónico.

Por último, pedímosvos que indiqueades os datos de inscrición no formulario adxunto e o entreguedes no local do Anpa ou buzón, tamén poderedes facelo a través do correo electrónico (solicitando o formulario). Se tedes algún horario incompatible (16 a 17 ou 17 a 18)? Indica cal.